

PLATAFORMA DE INNOVACIÓN SANITARIA

A Axencia de Coñecemento en Saúde transforma o xeito en que as persoas implicadas no sistema sanitario público galego se relacionan e participan nel. A través da implantación e xestión dun **modelo de innovación aberta e de enfoque social**, ábreanse oportunidades ilimitadas para que profesionais, pacientes, coidadores, empresas e demais perfís implicados acheguen ideas de mellora baseadas na súa experiencia.

A ferramenta para canalizar estas ideas e convertelas en proxectos con resultados aplicables á realidade cotiá da práctica asistencial é a **Plataforma de Innovación Sanitaria**. O seu gran reto é introducir cambios de forma áxil, substituíndo procesos pouco eficientes por alternativas de maior calidade e estendéndoo a todo o sistema de saúde.

Da idea ao proxecto. Ademais de ocuparse de avaliar e apoiar o desenvolvemento dos proxectos, os profesionais da plataforma fan o seguimento necesario tras a implantación para asegurar o impacto dos seus resultados, é dicir, que estes realmente supoñen **unha mellora substancial na prestación do servizo de saúde ao que afectan**.

Durante todo o proceso, axilizan **trámites administrativos e toma de decisións**, buscan as convocatorias de **financiamento** máis axeitadas, identifican e contactan socios e realizan as tarefas de **asesoramento e soporte** en calquera outro ámbito prioritario para que o proxecto se converta nun novo produto ou servizo sanitario.

Deseñada como unha utilidade viva que continuamente explora novas dinámicas de participación, a plataforma constitúe unha fórmula totalmente innovadora de fortalecer o sistema de saúde. O pulo a unha **actitude aberta, proactiva e participativa** por parte das persoas e a adecuada xestión do coñecemento compartido por elas son os eixes da actuación de ACIS neste eido.

CONTIDOS RELACIONADOS

Unha canle para transformar o sistema

Premios de innovación en saúde

Envía a túa idea

Retos abertos	>
Casos de éxito	>
Envía a túa idea	>
Instrucións	

